

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020143	de Poio	Poio	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1340	Formación e orientación laboral	2022/2023	4	107	128
MP1340_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2022/2023	4	62	74
MP1340_12	Prevención de riscos laborais	2022/2023	4	45	54

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LAURA FERNÁNDEZ SASIAÍN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Real Decreto 402/2020, do 25 de febreiro, establece o título de Técnico en Guía no medio natural e de tempo libre.

Este módulo profesional contén a información necesaria para que os estudantes poidan insertarse laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector.

A formación deste módulo contribúe a acadar os obxectivos xerais r), s), t), u), v), w) y z) do ciclo formativo, e as competencias q), r), s), t), u), v) y x) do título.

As liñas de actuación no proceso de ensinanza aprendizaxe que permiten acadar os obxectivos do módulo tratarán sobre:

- O manexo das fontes de información sobre os sistema educativo e laboral, en especial no referente ás empresas.
- A realización das probas de orientación e dinámicas sobre a propia personalidade e o desenvolvemento das habilidades sociais.
- A preparación e realización de modelos de CV e entrevistas de traballo.
- Identificación da normativa laboral que afecta ós traballadores do sector, manexo dos contratos máis empregados e lectura comprensiva dos convenios colectivos.
- A cumprimentación de recibos de salario.
- O análise da Prevención de Riscos Laborais, que lles permita avaliar os riscos derivados das actividades desenvolvidas no seu sector produtivo e colaborar na definición dun plan de prevención para unha pequena empresa.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O DEREITO DO TRABALLO	Nesta unidade identificaranse as fontes e principios do D.T., e as relacións laborais. Diferenciaranse os organismos que interveñen e coñeceranse os dereitos e deberes laborais.	8	10
2	O CONTRATO DE TRABALLO	Nesta unidade identificaranse os elementos do contrato, diferenciaranse os tipos, así como causas e efectos da súa modificación	15	15
3	XORNADA LABORAL E SALARIO	Nesta unidade veranse as condicións de traballo así como as medidas para acadar a conciliación da vida laboral e familiar, e a igualdade entre homes e mulleres	10	10
4	A NÓMINA E A SEGURIDADE SOCIAL	Nesta unidade analizaremos unha nómina, aprenderemos como funciona a Seguridade Social , como cotizamos e que protección temos	14	15
5	A REPRESENTACIÓN DOS TRABALLADORES NA EMPRESA	Nesta unidade identificaremos os representantes nas empresas dos traballadores e analizaremos os conflitos colectivos que poden xurdir	6	5
6	EQUIPOS DE TRABALLO E CONFLICTOS LABORAIS	Nesta unidade identificaranse e analizaranse os equipos de traballo así como os procedementos para resolver conflitos laborais	6	5
7	A BÚSQUEDA DE EMPREGO	Nesta unidade analizarase o mercado laboral, as oportunidades de emprego e empregaranse técnicas para a súa procura	15	10
8	PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS: SAÚDE E TRABALLO	Nesta unidade comprenderemos a importancia da saúde en relación co traballo e como actuar ante determinadas situacións de risco	20	10
9	ANÁLISE DOS RISCOS LABORAIS	Nesta unidade identificaranse os posibles factores de risco, especialmente no entorno deste ciclo	20	10
10	XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DA PREVENCIÓN	Nesta unidade analizaranse e defíniranse as actuacións que se deben levar a cabo na empresa en materia de prevención	14	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O DEREITO DO TRABALLO	8

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo
CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral

4.1.e) Contidos

Contidos
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O CONTRATO DE TRABALLO	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral

4.2.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Novos contornos de organización do traballo.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	XORNADA LABORAL E SALARIO	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo

4.3.e) Contidos

Contidos
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A NÓMINA E A SEGURIDADE SOCIAL	14

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico

4.4.e) Contidos

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguridade social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da seguridade social.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A REPRESENTACIÓN DOS TRABALLADORES NA EMPRESA	6

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico ou técnica en Guía no Medio Natural e de Tempo Libre
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución

4.5.e) Contidos

Contidos
0Representación das persoas traballadoras na empresa. Conflitos colectivos. Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico ou técnica en Guía no Medio Natural e de Tempo Libre. Sindicatos e asociacións empresariais.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	EQUIPOS DE TRABAJO E CONFLICTOS LABORAIS	6

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico ou técnica en Guía no Medio Natural e de Tempo Libre e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros

4.6.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector das actividades físico-deportivas no medio natural e de tempo libre segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A BUSQUEDA DE EMPREGO	15

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás exigencias do proceso produtivo
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico ou técnica en Guía no Medio Natural e de Tempo Libre
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico ou técnica en Guía no Medio Natural e de Tempo Libre
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título

4.7.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico ou técnica en Guía no Medio Natural e de Tempo Libre.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico ou técnica en Guía no Medio Natural e de Tempo Libre.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico ou técnica en Guía no Medio Natural e de Tempo Libre.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS: SAÚDE E TRABALLO	20

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais
CA1.4 Comprenderonse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector das actividades físico-deportivas no medio natural e de tempo libre
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais

4.8.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	ANÁLISE DOS RISCOS LABORAIS	20

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector das actividades físico-deportivas no medio natural e de tempo libre	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico ou técnica en Guía no Medio Natural e de Tempo Libre
CA2.2 Clasifícaronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles
CA2.3 Clasifícaronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico ou técnica en Guía no Medio Natural e de Tempo Libre
CA2.4 Identifícaronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico ou técnica en Guía no Medio Natural e de Tempo Libre
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade

4.9.e) Contidos

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector das actividades físico-deportivas no medio natural e de tempo libre en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector das actividades físico-deportivas no medio natural e de tempo libre.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DA PREVENCIÓN	14

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados	SI
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico ou técnica en Guía no Medio Natural e de Tempo Libre	SI

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa
CA3.2 Clasifícanse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos
CA3.4 Identifícanse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén
CA3.7 Defínese o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico ou técnica en Guía no Medio Natural e de Tempo Libre
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título
CA4.1 Defínense as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia
CA4.5 Identifícanse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade
CA4.6 Identifícanse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias

4.10.e) Contidos

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.

Contidos

Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.

Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.

Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.

Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.

Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os contidos mínimos exigibles para cumprir cos obxectivos e criterios de avaliación serán os seguintes:

- Normas fundamentais do Dereito laboral.
- Contrato de traballo : modalidades de contratación.
- Causas e efectos da modificación, suspensión e extinción da relación laboral.
- Prestacións da Seguridade Social.
- Representantes dos traballadores, sindicatos e convenio colectivo.
 - A estrutura do salario.
- Elaboración dunha nómina.
 - A xornada de traballo.
 - Autoorientación profesional.
- Proceso de búsqueda de emprego.
 - Redacción de cartas de presentación e currículums vitae.
- Normativa básica na prevención de riscos laborais.
- Identificación dos principais riscos laborais e das medidas de prevención e protección.
- Elaboración dun plan sinxelo de prevención e de autoprotección.

A avaliación será continua e integral, centrándose nos criterios de avaliación e nos contidos establecidos.

En canto o sistema de cualificación, o resultado das avaliación será numérica, entre 1 e 10 sen decimais, considerándose negativas as inferiores a 5 puntos.

En cada avaliación a cualificación obterase a partir da análise dos xa citados criterios e instrumentos de avaliación , tendo en conta concretamente:

- As probas escritas representarán un 80% da cualificación final. Cando unha proba conste dunha parte teórica e unha parte práctica claramente diferenciadas, será necesario superar ámbalas dúas partes. Se nun trimestre se realizase máis dunha proba farase unha media das que superen a nota mínima de 4.
- A observación directa do traballo de aula e as tarefas obrigatorias, representarán un 20% da cualificación final.

Aqueles estudantes que non superen unha avaliación terán a oportunidade de recuperala. Cando un estudante non se presente a unha proba, ou non realice as tarefas propostas por non asistir a clase, deberá xustificar as faltas e terá un prazo para realizalas, en caso de non facelo a cualificación correspondente sería cero.

A cualificación final do curso será unha media das tres avaliacións realizadas e superadas, aqueles estudantes que non teñan superada algunha avaliación poderán presentarse a un exame final para recuperalas.

A utilización de procedementos non autorizados pola profesora na realización das correspondentes probas, traballos ou exposicións, suporá que non se terá en conta a efectos de cualificación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os estudantes que no superen algunha das partes desta programación recibirán un apoio específico, tendo en conta as súas necesidades, que consistirá en actividades de reforzo e autocorrección, e probas de recuperación trimestrais para tratar de superar as partes pendentes. Asemade terán dereito a unha proba final para recuperar as partes pendentes.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que por exceder o límite de faltas establecido legalmente perda o dereito á avaliación continua deberá ser avaliado mediante un proceso extraordinario. Neste proceso de avaliación, que tería lugar nunha data a determinar polo centro no mes de xuño, o estudante deberá demostrar mediante unha proba escrita que acadou os obxectivos xerais e os contidos mínimos establecidos na programación.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Con carácter mensual se procederá a analizar o cumprimento da programación, tendo en conta fundamentalmente a consecución dos obxectivos establecidos para cada unidade así como a temporalización. Esta análise realizarase polo profesora do módulo de forma individual e tamén será valorada conxuntamente nas correspondentes reunións do equipo docente do ciclo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

É frecuente que o alumnado dun mesmo grupo presente diferenzas importantes entre eles, debido fundamentalmente a súa diferente capacidade de aprendizaxe, coñecementos previos, e mesmo intereses. Por iso, e na medida do posible, utilizaranse estratexias de diversificación para abordar ditas diferenzas.

Estas diferenzas, que neste ciclo derívanse fundamentalmente da forma de acceso ó mesmo (Formación profesional básica, ESO, proba de acceso.), tratarán de identificarse mediante a realización dunha proba escrita para determinar coñecementos previos e competencia lingüística principalmente.

Seguiranse todos os protocolos establecidos pola Consellería de Educación en relación coa atención á diversidade, así como as recomendacións do Departamento de Orientación.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Estas estratexias consistirán nunha axuda individualizada ós estudantes con maiores dificultades e na utilización de recursos didácticos diferentes

en función das súas necesidades, respectando o establecido nos diferentes protocolos da Consellería de Educación, e atendendo ás recomendacións do departamento de Orientación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os principais valores que tratan de transmitirse no desenvolvemento desta programación son os seguintes:

- Valoración e cumprimento da normativa laboral.
- Igualdade e non discriminación no ámbito laboral.
- Valorar o sistema español da Seguridade Social.
- Coñecer o papel dos sindicatos e a negociación colectiva.
- Actitude positiva respecto ó futuro profesional.
- O espírito emprendedor.
- Respecto pola saúde persoal e colectiva.
- Ser conscientes dos riscos derivados da actividade laboral.
- Respetar as medidas de prevención e seguridade laboral.
- Respecto polo medio ambiente.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias extraescolares están moi condicionadas polas dificultades de financiamento no centro. O elevado custo do transporte para a realización de saídas didácticas e o escaso presuposto do centro dificulta a súa realización. Non obstante tratarase de contar coa asistencia de profesionais no ámbito da orientación laboral, visitar algunha empresa da zona e participar en todas aquelas actividades, propostas polo centro ou outros organismos, nas que sexa posible.

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía

Os diferentes contidos serán expostos pola profesora coa axuda do libro de texto de referencia e diversos recursos didácticos, tendo en conta na medida do posible a atención á diversidade e a competencia inicial do alumnado. Como apoio vaise empregar a aula virtual, para facilitar o seguimento do curso a aqueles estudantes que con causa xustificada non poidan asistir a clase, e tamén para aqueles que falten nun momento puntual de xeito tamén xustificado.

Este curso seguirase co libro dixital e potenciarase a utilización das TIC, xa que é un recurso valorado moi positivamente polo alumnado. As exposicións teóricas complementarase coa resolución de supostos prácticos e as actividades necesarias para que a aprendizaxe sexa significativa, de xeito que os estudantes establezan vínculos entre os novos coñecementos e os coñecementos previos.

Fomentarase a participación activa do alumnado no desenvolvemento das clases e o traballo en grupo, así como a súa capacidade de aprender a aprender e a autonomía persoal.